

Programa Universitario de Maiores – Campus VIGO

Guía Docente: Curso 2024-2025

Información xeral:

Nome materia	A nosa cidade e as súas cousas		
Código/Tipo	IV31105 / Materia Optativa		
Titulación	Universitario/a Senior en Cultura e Sociedade		
Créditos ECTS	1,5	Total horas presenciais	15
Lingua impartición	Galego		
Lugar impartición	Aula 216 Edificio Anexo (Escola de Enxeñeiros Industriais), andar 2º		
Curso/Semestre	Primeiro/ 2 Cuadrimestre	Horario*	Venres de 18-20 h
Coordinador/a	Elisa Pereira García		
Profesorado	Elisa Pereira García		
Correo-e	elisapereiragarcia@yahoo.es		
Observacións	Nº prazas:30 Materia condensada: Dende o 31 de marzo ata 26 de maio Visitas de estudio a institucións de carácter cultural en Vigo.		

*Suxeito a modificacións por diferentes necesidades.

Obxectivos xerais:

- Achegar ao alumnado á historia e actualidade de Vigo dunha forma lúdica e amena.
- Que o alumnado adquiran os coñecementos necesarios empregando a historia para contextualizar a cidade na que eles viven, apreciando a riqueza cultural e patrimonial que ten.
- Adquirir coñecementos básicos que capaciten ao alumnado para valorar e discernir sen prexuízos sobre a importancia do noso patrimonio.

Metodoloxía docente:

Clases de Aula: Exposición por parte da profesora dos contidos sobre a materia obxecto de estudo.

Clases durante as saídas : Exposición por parte da profesora do contido correspondente a temática a tratar visitando in situ os lugares de interese a tratar na materia.

Contidos:

Tema 1	Visión Histórica de Vigo
Tema 2	A Prehistoria e Historia Antiga de Vigo (Visita a algún xacemento)
Tema 3	O Vigo da Idade Media (Visita a algún elemento arquitectónico medieval)
Tema 4	O Vigo da Idade Moderna (Visita ao Casco Histórico e Vigo e algunha parroquia)
Tema 5	O Vigo Contemporáneo (Visitas a algunhas das Institucións Culturais de Vigo)

Avaliación:

Asistencia e participación	Valórase a asistencia, así, o 50% da nota corresponde a asistencia. Será necesario a asistencia a mais dun 80 % das clases para obter o aprobado na materia.	50%
Exame teórico preguntas de desenvolvemento	o outro 50% deberá obterse a partir da realización dalgún traballo e/ou exame.	25%

Traballo individual	o outro 50% deberá obterse a partir da realización dalgún traballo e/ou exame.	25%
---------------------	--	-----

Outros comentarios sobre avaliación e recomendacións:

Esta guía é unha programación didáctica con carácter orientativo que pode experimentar cambios en función de eventualidades diversas que poidan xurdir na súa posta en práctica.